

CUESTIONARIO COMTE POSITIVISMO

3. ¿A ciencia é unha actividade individual ou unha empresa colectiva?, ¿que papel debe xogar a ciencia na sociedade?, ¿que outras funcións, aparte das estritamente científicas, deberían asumir os científicos?

A filosofía positiva, segundo Comte, tería que ter dúas características básicas. En primeiro lugar, non ha de ser a aventura intelectual dun individuo, senón a tarefa intelectual da sociedade humana nun determinado estado do seu desenvolvemento. O individuo é unha abstracción, unha ficción. O real e concreto é a sociedade. Por iso, o que os individuos pensan, pénsano no marco do “sentido común” da sociedade á que pertencen. É dicir, a política non é un poder de individuos que chegan a acordos e obxectivos comúns, senón que a política, como calquera outra ciencia, é relacional. A realidade social constrúese a través da *pluralidade ontolóxica*, a través dun mecanismo anónimo e impersoalizado que administra de forma eficiente, e conduce a múltiples niveis da sociedade co propósito de lograr a paz, a orde e o progreso social.

Con respecto aos científicos, deben ser reformadores sociais, e deben capitanear a sociedade para asegurar esa orde social. Comte propón empoderar aos científicos para que eles sexan os que tomen as decisións e ocupen as posicións de poder no Estado. Concibe a política coma unha ciencia positivista, é dicir, tería que ir máis alá dos desexos e das opinións da maioría. A política, ao converterse en ciencia, é administrada e organizada a partir dos criterios racionais dos especialistas.

“Cando a política deveña en ciencia positiva, o público deberá concederlla aos publicistas [expertos], do mesmo modo que se concede a confianza aos astrónomos cando se refire á astronomía ou á medicina” (Comte, A. *Système de Politique Positive*). O rol das ciencias non só é reunir os feitos para introducir as leis universais, nin se reduce a un saber que constrúe un específico tipo de realidade.

As teorías de Comte que din que a ciencia e os científicos deben desempeñar un papel fundamental dentro da política, poden observarse nun exemplo recente. Durante a pandemia, foi necesaria a introdución da ciencia na política para tomar decisións e medidas. Fernando Simón, un epidemiólogo portavoz dun comité científico de expertos en pandeias, asesoraba coas cuestións máis técnicas e científicas para axudar a tomar medidas políticas a Salvador Illa, ministro de sanidade do goberno. Polo que a ciencia foi necesaria para tratar de *controlar* a pandemia, aínda que Comte diría que quen tomase as decisións debería ser Fernando Simón.

Lucía Martín Cid. Alex Beis Vigo. 2º BACH. IES AS FONTIÑAS. CURSO 2023/24